



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE OUTUBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1552/2013.- JOSÉ ALBERTO ABEIJON RODRIGUEZ.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha edificación sita na rúa Santo Agostiño (de), 7.

LIC/709/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CALDEIRERÍA 30-32.- Conceder a licenza para instalación dunha plataforma vertical elevadora no edificio de vivendas sito na rúa da Caldeirería nº 30 – 32.

CADUCIDADE.-

LIC/1831/2007.- JOSÉ BALBOA RESTAURANTE, S. L., representada por José Balboa Ayán.- Incoar expediente de declaración de caducidade da licenza outorgada para a legalización das obras de reforma da edificación, movemento de terras e realización de muros de contención do edificio para restaurante sito na rúa Viaducto da Rocha nº 2 desta cidade.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1477/2014.- ANTONIO SANCHEZ MONTEAGUDO.- ... LIC/1123/2010.... 5.696,78 €.-

LIC/1476/2014.- ANTONIO SANCHEZ MONTEAGUDO.- ... LIC/1123/2010.. ... 1.500 €.-

2.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a licenzas de obras (LIC/1552/2013, LIC/709/2014).

Dáselle aprobación a unha licenza de obra para a execución dun proxecto consistente na instalación dunha plataforma elevadora nun edificio de vivendas na rúa Caldeirería (nº 30-32). O orzamento total previsto para a execución do proxecto é de 1,6 millóns de euros (1.599.398 €)

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a caducidade de licenza de legalización de obras de reforma, movemento de terras e muros de contención de edificio para restaurante en Viaducto da Rocha, nº 2 (LIC/1831/2007).

A Xunta de Goberno acordou o inicio de expediente de caducidade de licenza para a legalización das obras de reforma de edificación, movemento de terras e realización de muros de contención dun edificio para restaurante na rúa do Viaduto da Rocha, por transcorrer amplamente os prazos fixados pola licenza concedida en agosto de 2012.

4.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a devolucions de fianzas (LIC/1477/2014 e LIC/1476/2014).

Acordouse a devolución de dúas fianzas por importe conxunto de 7.198 euros para responder a custos de urbanización e a reposición de servizos urbanísticos no procedemento de construción dunha vivenda unifamiliar na súa do Castiñeiriño (59), logo de comprobar que posúe a licenza de 1ª ocupación e a reposición dos servizos afectados.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á ampliación de Proxecto de Expropiación e obtención dos terreos para a construción da nova variante entre a Avda. De Lugo e Ponte Pedriña. Pago de resto de prezo xusto fixado por sentenza do TSXG de 19/03/2014.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa ao Proxecto Técnico de Expropiación para a Execución de: Acceso ao SUP-2 (Cornes), dende a Rúa García Prieto, situado entre os Nº 17 e 21 (AUPAC).

A Xunta de Goberno acordou a execución das sentenzas relativas ao prezo xusto de 4 parcelas: 1 expropiada na obra da variante entre a Avda. de Lugo e Pontepedriña e 3 no acceso ao SUP-2 en Cornes, recoñecendo o dereito a un pagamento complementario da cantidade pagada ou consignada no seu día.

No primeiro caso, a diferenza a pagar a favor do titular é de 7.902 euros; e no segundo caso, as cantidades que se reparten entre as tres fincas en Cornes ascenden a 62.295 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da nova concesión de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo.

O prazo para optar a estas parcelas abranguerá do 12 ao 21 de novembro, podendo presentar a documentación no rexistro xeral municipal, na centro sociocultural do Ensanche, do edificio CERSIA ou nos lugares que permite a lexislación para estes efectos.

O día establecido para o sorteo desas parcelas é o 12 de decembro de 2014 e desenvolverase no Centro de Interpretación Ambiental do Concello (CIAC) no parque de Belvís.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á ampliación de prazo de execución da obra mellora e acondicionamento das instalacións do parque de bombeiros e mellora da súa eficiencia enerxética.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á prórroga do contrato de obras de reurbanización da rúa Caramoniña-Ámbito da rúa Travesa de Escultor Asorey e 2º tramo de Escultor Asorey, cofinanciado con cargo ao FEDER dentro do EIXO Nº 5 do programa operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

A primeira prórroga é para a execución dunha obra de mellora e acondicionamento das instalacións do parque de bombeiros iniciada en setembro de 2014, vén motivada pola concorrencia de incidencias alleas ao contratista relacionadas coa actividade do servizo de extinción de incendios. O prazo ampliado vai ata o 8 de novembro de 2014.

A segunda prórroga, aféctalle á reurbanización da rúa Caramoniña que foi iniciada en maio de 2014 e está motivada pola modificación do trazado das canalizacións eléctricas respecto do previsto no proxecto inicial e pola adecuación das condicións de accesibilidade para a veciñanza. O novo prazo acordado para o remate dos traballos é o 28 de novembro de 2014.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á corrección de acordo de 15 de maio de 2014 relativo a resolución do contrato asinado con URCAL 2010 CONSTRUCCIONES SL. relativo á demolición de edificación auxiliar no lugar de Pai da Cana así como indemnización ao contratista.

O erro consiste en incluír na indemnización conxunta de 1.188 euros, un 21% máis en concepto de IVE, cando, segundo a Lei que regula o imposto exime da súa aplicación a este tipo de indemnizacións.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á doazón dunha acuarela de D. Pablo Tomé.

A Xunta de Goberno acordou a aceptación da cesión perpetua e gratuíta proposta polo arquitecto e debuxante Pablo Tomé, en relación cunha acuarela titulada "Cineuropa", de 32x40 con marco lacado en branco.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais (Deportes) pola que se da conta da sinatura de diversos convenios.

Por parte de Concelleira de Deportes deuse conta da sinatura de dous convenios que xa foran aprobados nunha anterior Xunta de Goberno, por un importe conxunto de 75.000 euros. Un deles, co Club Ciclista Compostelano, por importe de 30.000 euros, para o desenvolvemento de actividades e probas neste ano 2014; e outro co Obradoiro Club de Amigos de Baloncesto S.A.D. por importe de 45.000 euros para contribuír os gastos de arbitaxes, seguros dos xogadores e outros conceptos, nas temporadas 2013-2014 e 2014-2015.

14.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais pola que se da conta do veredicto do xurado do VII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados.

A Xunta de Goberno foi informada do veredicto do xurado do 7º premio "Compostela" para álbums ilustrados, que –como foi dado a coñecer publicamente no seu momento (11/04/2014)- correspondeu a Federico Joaquín Delicado Gallego, de Ciudad Real, pola súa obra "Ícaro".

A obra premiada con 9.000 euros (dos que o Concello achega 8.000 e a editorial Kalandraka os 1.000 restantes), foi elixida entre os 255 álbums ilustrados presentados ao concurso, procedentes de 21 países. A entrega do galardón está prevista no transcurso dun acto o vindeiro 4 de novembro.

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á concesión de diversas axudas sociais (MAPIS).

Adoptáronse 21 acordos en relación coa concesión doutras tantas axudas de emerxencia como Medida de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS). Estas axudas, por un importe total de 14.529 euros van dirixidas a manutención, gastos de aluguer, gastos excepcionais e para o comedor escolar.

16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á dación de conta da subvención concedida ao Concello pola Secretaría Xeral de Igualdade para a promoción da igualdade cofinanciada polo Fondo Social Europeo.

Tómase en conta a resolución da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia mediante a que se concede unha axuda por importe de 56.000 euros. Esta cantidade vai destinada a desenvolver dous programas promovidos polo departamento de Servizos Sociais.

Un deles é o de fomento da conciliación, ao que se destinarán 12.000 euros, que contribuirán a sufragar os gastos das bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil e de educación primaria.

Os restantes 44.000 euros recibidos irán destinados ao programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM) para subvencionar postos de traballo existentes no cadro de persoal e vinculados con este servizo. En concreto, esta cantidade irá para a área de dirección e para a área de atención psicolóxica.

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación de convenio nominativo co IES ROSALÍA DE CASTRO para o bacharelato internacional.

Aprobouse o texto do convenio a subscribir co IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional nese centro, así como o importe de 6.208 euros para unha subvención directa con ese fin.

18.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais pola que se dá conta da concesión de subvención pola Deputación da Coruña para a Escola Municipal de Música para o ano 2014.

Deuse conta da concesión dunha subvención da Deputación da Coruña con destino ao funcionamento da Escola Municipal de Música para o ano 2014, por importe de 9.856 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á resolución de procedemento sancionador contra a empresa CLECE, e imposición de sanción.

En relación coas deficiencias observadas na execución do contrato coa empresa CLECE S.A. para a xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas, acordouse resolver o expediente sancionador iniciado no seu día e impoñerlle á empresa unha sanción por unha contía de 3.005 euros pola infracción do previsto no art. 25.b do prego de cláusulas do contrato para a xestión desas dúas escolas.

20.- Proposta do/a concelleiro/a delegado/a das áreas de Servizos Sociais e de Réxime Interior e Administración Pública relativa a rexistrar e activar o dominio santiagodecompostela.gal.

Acordouse o rexistro a nome do Concello de Santiago do dominio santiagodecompostela.gal, incorporándose ao sufixo que identifica as páxinas de internet escrita en galego e dirixidas á sociedade galega. A medida ten un custo anual para o concello de 51 euros/ano.

Este dominio é xestionado pola Asociación Puntogal e os ingresos económicos que se produzan pola actividade do dominio servirán para o mantemento do propio dominio e se houbese beneficios irían destinados ao fomento da lingua e cultura galegas dentro do ámbito das novas tecnoloxías.

21 a 140.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, beneficios fiscais no lixo, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 120 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais na súa maior parte referidos ao incremento do valor dos terreos de natureza urbana e outros sobre vehículos de tracción mecánica ou exención de servizos de lixo, abastecemento e saneamento.

141.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía, relativa á convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello para a financiación da campaña SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO DESTINO GASTRONÓMICO EN MADRID.

Acordouse aprobar a memoria, orzamento de actividades e calendario de execución da presentación realizada en Madrid de Santiago de Compostela como destino gastronómico. Esta documentación servirá para a solicitude –que tamén se aprobou hoxe- que se lle presentará á Deputación da Coruña para unha subvención por importe de 10.000 euros, destinada a sufragar o 80% dos gastos derivados desta iniciativa.